

ADDENDA TERCEIRA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E O CONCELLO DE OROSO PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NUN CENTRO EDUCATIVO DO CONCELLO

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Alexander Doval Expósito, alcalde-presidente do concello de Oroso, que actúa en nome e representación deste, en virtude das competencias que ten recoñecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 7 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

I.- Que con data do 14 de xullo de 2022 a a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (agora denominada Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional) asinou un convenio de colaboración co Concello de Oroso para a xestión do comedor escolar no centro educativo CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés, con vixencia para os cursos escolares 2022/2023 e 2023/2024. Con data do 10 de xullo de 2023 asinouse unha addenda, co obxecto de incrementar a axuda concedida ao Concello de Oroso no convenio de data do 14 de xullo de 2022, como consecuencia da subida dos produtos básicos, da electricidade, gas e demais elementos que configuran os gastos dos comedores escolares, durante o curso escolar 2023/2024.

II.- Que con data do 05.08.2024 a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional asina unha segunda addenda co Concello de Oroso cunha vixencia para os cursos



escolares 2024/2025 e 2025/2026 e para un total de 110 usuarios máximos autorizados previstos.

Co obxectivo de favorecer a vida laboral e familiar e tendo en conta a lista de espera que existe para a utilización do servizo de comedor escolar neste centro, resultan insuficientes as 110 prazas de comedor escolar das que dispón o centro, polo que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, sensible ás demandas da comunidade educativa do CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés e do concello considera oportuno incrementar o número de usuarios/as ata un máximo de 130 comensais para os cursos escolares 2024/2025 e 2025/2026, co obxectivo último de que as familias dispoñan dun servizo axeitado de comedor escolar que sexa suficiente para a demanda existente de usuarios/as.

De acordo con todo o anterior, e co obxectivo que o Concello de Oroso poida xestionar o servizo de comedor escolar no CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés, de xeito que, se facilite ás familias o uso deste servizo, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Oroso, acordan a sinatura dunha terceira addenda con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta addenda, a ampliación do número de comensais desde os 110 actuais ata un máximo de 130 usuarios autorizados no comedor escolar do CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés radicado no Concello de Oroso durante os cursos escolares 2024/2025 e 2025/2026.

Segunda.- Financiamento da consellería

A consellería comprométese a colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar no centro educativo CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés, mediante unha achega económica de 76.362,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria 37.01.423A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:



Ano 2024: 12.012,00 €

Ano 2025: 38.181,00 €

Ano 2026: 26.169,00 €

Terceira.- Publicidade e rexistro da addenda terceira. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade desta addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición desta addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura desta addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Cuarta.- Condicións

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo, sen prexuízo da aplicación para os cursos escolares 2024/2025 e 2025/2026 do financiamento establecido na cláusula segunda da presente addenda.

En proba de conformidade, asínase esta terceira addenda na data da súa sinatura dixital

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

O secretario xeral técnico

P.D. (Orde do 05.06.2024)

Manuel Vila López

O alcalde presidente do Concello de Oroso

Alexander Doval Expósito

